



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E A ORDEN FRADES MENORES (OFM) PROVINCIA DE SANTIAGO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSERVACIÓN NO CONVENTO DE SAN FRANCISCO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA)

María del Carmen Martínez Ínsua, directora xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural ten previsto formalizar co Arcebispado de Santiago de Compostela, o instrumento convenial arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata a completa finalización das obras e, en todo caso, non superior a catro anos.

Que o instrumento convenial ten por obxecto: regular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Orde Frades Menores (OFM) Provincia de Santiago, para cofinanciar as actuacións definidas no Proxecto de obras de conservación da cuberta da igrexa do convento de san Francisco de Santiago de Compostela.

O Convento e igrexa de san Francisco de Valdedeus (Museo de Terra Santa) ten a consideración de Ben de interese Cultural, BIC, coa categoría de Monumento, declarado pola lei de 16 de agosto de 1896, publicada na GAC de 28 de agosto de 1896. Correspóndese coa unidade edificatoria 2204-B1 do plan especial PE-1 e está catalogado polo citado plan especial co nivel 1 como edificio monumental e de valor excepcional, arquitectónico, histórico-artístico e cultural (art.79 do PE-1)

As obras a realizar consisten en reparar os danos da cuberta incluíndo a estrutura que a sustenta -parte metálica e parte de formigón en masa e prefabricado- e a substitución das placas de fibrocemento e da tella. Prevese a substitución do actual sistema de evacuación de augas pluviais modificando a súa traza.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convenial que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, co fin de garantir a conservación e fomentar ou promover o enriquecemento do patrimonio artístico e documental da Igrexa”, formalizado polo “Acordo



marco entre a Xunta de Galicia e os bispos das dioceses que comprende o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia” asinado o 17 de abril de 1985, a Xunta de Galicia conforme as súas dotacións orzamentarias, asume o compromiso de contribuír ás necesidades de conservación, mellora e adecuada protección do patrimonio artístico e histórico propiedade da Igrexa Católica, así como de subvencionar ou dotar, no seu caso, os convenientes medios persoais e técnicos para a súa eficiente utilización pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente conxenial.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

